



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Ciencias da Saúde

Grao en Terapia Ocupacional

Curso académico 2017/2018

TRABALLO DE FIN DE GRAO

**Impacto do rol de produtor lácteo no
desempeño ocupacional de xóvenes
gandeiros**

Silvia Pereira Rodríguez

Xuño 2018

Rol de produtor lácteo no desempeño ocupacional de xóvenes gandeiros

Directores do traballo:

[María Vázquez Picado](#). Terapeuta Ocupacional no Centro de Atención a Persoas Maiores de Melide

[Iván De Rosende Celeiro](#). Terapeuta Ocupacional. Profesor do Grao de Terapia Ocupacional na Facultade de Ciencias da Saúde da Universidade da Coruña.

Indice

Indice.....	2
1. Introducción	10
1.1. Sector lácteo	10
1.1.1. Explotacións de gando vacún de leite	10
1.1.2. Datos estatísticos.....	10
1.1.3. Novas normativas creadas para o sector lácteo	11
1.1.4. Os xóvenes que se adican a produción láctea.....	13
1.1.5. Riscos laborais no sector agropecuario	13
1.2. Unha aproximación dende a Terapia Ocupacional.....	15
1.2.1. Traballo como ocupación significativa e Terapia Ocupacional.....	15
1.2.2. Traballo e saúde.....	16
1.2.3. Aproximación ó sector lácteo dende a Terapia Ocupacional e xustificación.....	17
2. Obxectivos	19
2.1. Obxectivo principal.....	19
2.2. Obxectivos específicos.....	19
3. Metodoloxía	20
3.1. Tipo de deseño de investigación.....	20
3.2. Ámbito de estudo.....	20
3.3. Tipo de mostraxe.....	21
3.4. Criterios de inclusión e exclusión.....	21
3.4.1. Criterios de inclusión	21
3.4.2. Criterios de exclusión	21
3.5. Plan de Mostraxe.....	21
3.6. Aspectos éticos e legais.....	22
3.7. Variables de estudo	23
3.7.1. Características sociodemográficas	23
3.7.2. Actividade laboral.....	23
3.7.3. Escala de satisfacción coa vida	24
3.7.4. Escala de inadaptación	24
3.7.5. Cuestionario de saúde SF-12.....	24
3.8. Análise estatístico.....	25
4. Resultados	26
4.1. Análise descritivo das variables do estudo	26

Rol de produtor lácteo no desempeño ocupacional de xóvenes gandeiros

4.1.1. Características sociodemográficas	26
4.1.2. Actividade laboral	29
4.1.3. Escala de satisfacción coa vida	32
4.1.4. Escala de inadaptación	33
4.1.5. Cuestionario de saúde SF-12.....	37
4.2. Estudo da asociación entre as características da ocupación laboral, satisfacción coa vida, o nivel de inadaptación e a calidade de vida	42
4.2.1. Asociación entre o número de empregados e a satisfacción coa vida	42
4.2.2. Relación entre o número de empregados e a inadaptación coa vida laboral.....	42
4.2.3. Asociación entre o número de empregados, a saúde e a calidade de vida	43
4.2.4. Repercusión do tipo de explotación gandeira na satisfacción coa vida	43
4.2.5. Vínculo entre o tipo de explotación gandeira, a saúde e a calidade de vida	43
5. Discusión.....	45
6. Conclusións	52
7. Bibliografía	53
8. Agradecementos.....	60
Apéndice I: Folla de información ó participante	61
Apéndice II: Consentimento informado.....	63
Apéndice III: Entrevista ó participante	64
Apéndice IV: Escala de Satisfacción coa Vida	66
Apéndice V: Escala de Inadaptación	67
Apéndice VI: Cuestionario de Saúde SF-12	69

Índice de táboas

Táboa I: Características sociodemográficas.....	27
Táboa II: Actividade Laboral.....	30
Táboa III: Escala de Satisfacción coa Vida.....	32
Táboa IV: Cuestionario de Saúde SF-12.....	40

Índice de figuras

Figura 1: Escala de Inadaptación: traballo e/ou estudos.....	33
Figura 2: Escala de Inadaptación: vida social.....	34
Figura 3: Escala de Inadaptación: tempo libre.....	35
Figura 4: Escala de Inadaptación: relación de parella/posibilidade de atopala.....	36
Figura 5: Escala de Inadaptación: vida familiar.....	36
Figura 6: Escala de Inadaptación: vida normal en xeral.....	37
Figura 7: Cuestionario de Saúde SF-12: saúde.....	38
Figura 8: Cuestionario de Saúde SF-12: frecuencia con que a saúde dificulta as actividades sociais.....	42

Abreviaturas

AFRICOR: Asociación Provincial de Gandeiros

AGACA: Asociación Galega de Coperativas Agrarias

BUP: Bacharelato Unificado Polivalente

COTEC: Consello de terapeutas ocupacionais para os países europeos

COU: Curso de Orientación Universitaria

ENOTHE: Rede Europea de Terapia Ocupacional en educación superior

ESO: Educación Secundaria Obligatoria

FP: Formación Profesional

INE: Instituto Nacional de Estadística

INLAC: Organización Interprofesional Láctea

MAGRAMA: Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente

WFOT: Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais

Resumen

Objetivo: valorar la repercusión del rol de productor lácteo en el desempeño ocupacional y en la calidad de vida de los jóvenes ganaderos del rural gallego.

Metodología: Se llevó a cabo un estudio descriptivo y observacional. La población de estudio en la presente investigación está formada por jóvenes ganaderos, residentes en el municipio de Curtis, con una edad entre 20 y 45 años, cuya ocupación laboral se encuentra orientada a la producción láctea. La información se ha recogido mediante la administración de una entrevista estructurada de 14 preguntas así como la Escala de Satisfacción con la Vida, Escala de Inadaptación y el Cuestionario de Salud SF-12.

Resultados: Del total de los participantes (edad media 35 años; 72% varones) el 70% trabaja en una explotación ganadera de tipo intensivo a jornada completa (95,7%). El desempeño de esta ocupación genera una afectación del tiempo dedicado al ocio al 53,2% de la muestra. Así mismo, la media de las puntuaciones de la Escala de satisfacción es 5, lo que muestra un elevado grado de satisfacción. Al 78,8% de la muestra, su salud le dificultó las actividades sociales. Se observa una relación entre un mayor número de empleados, explotación ganadera intensiva y una mejor percepción de salud y calidad de vida.

Conclusiones: Ante los problemas evidenciados en el sector agropecuario, los Terapeutas Ocupacionales, deben colaborar en la promoción de la salud y el bienestar de los productores lácteos, permitiendo su participación en actividades de ocio y tiempo libre, fomentando la justicia ocupacional y disminuyendo el riesgo de exclusión social

Palabras clave: Sector agropecuario, productor lácteo, Terapia Ocupacional, ocupación, desempeño ocupacional, salud ocupacional, calidad de vida, ocio, participación social.

Tipo de trabajo: Trabajo de investigación

Resumo

Obxectivo: Valorar a repercusión do rol de produtor lácteo no desempeño ocupacional e na calidade de vida dos xóvenes gandeiros do rural galego.

Metodoloxía: Levouse a cabo un estudo descritivo e observacional. A poboación de estudo na presente investigación está formada por xóvenes gandeiros, residentes no concello de Curtis, con unha idade comprendida entre os 20 e os 45 anos e con unha ocupación laboral orientada á produción láctea. A información recolleuse mediante a administración dunha entrevista estruturada de 14 preguntas, así como a Escala de Satisfacción coa Vida, Escala de Inadaptación e o Cuestionario de Saúde SF-12.

Resultados: Do total dos participantes (idade media 35 anos; 72% varóns) o 70% traballa nunha explotación gandeira de tipo intensivo a xornada completa (95,7%). O desempeño desta ocupación xera unha afectación do tempo dedicado ó ocio ó 53,2% da mostra. Así mesmo, a media das puntuacións da Escala de satisfacción é 5, o que mostra un elevado grado de satisfacción. Ó 78,8% da mostra a súa saúde dificultoulle as actividades sociais. Obsérvase unha relación entre un maior número de empregados, explotación gandeira intensiva e unha mellor percepción da saúde e a calidade de vida.

Conclusións: Ante os problemas evidenciados no sector agropecuario, os Terapeutas Ocupacionais deben colaborar na promoción da saúde e do benestar dos produtores lácteos, permitindo a súa participación en actividades de ocio e tempo libre, fomentando a xustiza ocupacional e diminuindo o risco de exclusión social.

Palabras clave: Sector agropecuario, produtor lácteo, Terapia Ocupacional, ocupación, desempeño ocupacional, saúde ocupacional, calidade de vida, ocio, participación social.

Tipo de traballo: Traballo de investigación.

Summary

Objectives: To assess the impact of the role of dairy producer in the occupational performance and quality of life of young ranchers in rural Galicia.

Methodology: A descriptive and observational study was carried out. The population of study in this research is made up of young ranchers resident in the municipality of Curtis, with an age between 20 and 45 years, whose occupation is oriented to milk production. The information has been collected through the management of a 14 question structured interview as well as the scale of satisfaction with life, scale of inadequacy, and the SF-12 health questionnaire.

Results: Of the total participants (average age 35 years, 72% males) 70% work in a full-time intensive livestock farm (95,7%). The performance of this occupation generates an affectation of the time dedicated to the leisure at 53,2% of the sample. Likewise, the average of the ratings of the satisfaction scale is 5, which shows a high degree of satisfaction. At 78,8% of the sample, your health will difficult you social activities. We see a relationship between a greater number of employees, intensive livestock exploitation and a better perception of health and quality of life.

Conclusions: In the face of the problems evident in the agricultural sector, the occupational therapists have to collaborate in the promotion of the health and well-being of the dairy producers, allowing their participation in leisure activities and free time, promoting the justice occupational and reducing the risk of social exclusión.

Keywords: Agricultural Sector, dairy producer, occupational therapy, occupation, occupational performance, occupational health, quality of life, leisure, social participation

Type of work: Research work

1. Introducción

1.1. Sector lácteo

O sector lácteo en España é o segundo sector primario no ámbito da agroalimentación máis importante por detrás do porcino. Este sector xera grandes ingresos na economía española, contribúe ó desenvolvemento deste país e diminúe o abandono do rural. Cabe destacar que no ano 2015 xeraba 80.000 postos de emprego, ademais de favorecer economicamente a outros sectores, como o loxístico. Así mesmo, a industria láctea xera 8.640 millóns de euros o ano, o que supón o 1,8% da produción industrial española e o 9,2% no referente ó sector alimentario (Organización Interprofesional Láctea, 2016).

1.1.1. Explotacións de gando vacún de leite

As explotacións de gando vacún de leite son aquelas explotacións gandeiras con animais bovinos nas que se somete as vacas á muxidura para a produción e comercialización de leite ou produtos lácteos. Existen dous tipos de explotacións gandeiras, a extensiva e a intensiva (Consejería de Medio Ambiente, 2011).

- As instalacións gandeiras extensivas son aquelas nas que o gando se encontra pastando ó aire libre.
- As instalacións gandeiras intensivas manteñen o seu gando estabulado nas granxas non realizando pastoreo.

1.1.2. Datos estatísticos

1.1.2.1. Produción en España e en Galicia

As entregas de leite de vaca cru en España no ano 2016 foron 6.888.610 Toneladas e ascenderon a 7.020.884 en 2017. (Ministerio de Agricultura y pesca, 2017).

Galicia é a comunidade autónoma española con maior entrega de leite cru representando un 38%, seguida de Castela e León con un 12% (Organización Interprofesional Láctea, 2016). Dentro da produción europea

España representa o 4% da produción total. Existe un escaso desenvolvemento na fabricación e venda de produtos lácteos derivados, adicándose principalmente á venda de leite líquido. (Ministerio de Agricultura y pesca, 2017).

Dos produtos lácteos de vaca que se comercializan, un 41% representa ó leite líquido, un 19% ó queixo, un 11% á manteiga e un 10% ós iogures. Nembargantes, na unión europea o 31% dos produtos corresponde ó queixo e soamente un 15% ó leite líquido (Ministerio de Agricultura y pesca, 2017).

1.1.2.2. O Censo de vacas

En relación ó censo de vacas Galicia é a comunidade autónoma con un maior número de vacas en lactación, en concreto con 337.319 reses, o que representa un 39% do total. O número de gandeiros con entregas de leite declarada en España no 2017 é de 14.910 persoas en España, dos cales o 55% atópanse en Galicia. Polo tanto, Galicia é a comunidade autónoma con un maior número de vacas e un maior número de gandeiros (Ministerio de Agricultura y pesca, 2017).

Malia e todo, a media de vacas por explotación é de 29 reses, o que implica que esta comunidade autónoma conta co maior número de explotacións gandeiras pero co menor número de vacas por explotación (Organización Interprofesional Láctea, 2016).

1.1.3. Novas normativas creadas para o sector lácteo

O 1 de abril de 2015 producíase o fin das cotas lácteas e como consecuencia a liberación da taxa de produción láctea. Esta situación foi concibida polos propios gandeiros como unha oportunidade de crecemento e progreso. Deste xeito, nese mesmo ano a produción incrementouse nun 3,1% con respecto ó ano 2014, pero debido ó exceso da mesma os prezos de mercado baixaron. No ano 2015 Galicia rexistraba o prezo máis baixo de España, cobrando o litro de leite a 0,29 euros, un prezo moi inferior con

respecto a Andalucía, que rexistraba o prezo máis elevado, cobrando 0,35 euros por litro. Esta situación, derivou na chamada “Crise do sector lácteo” (Organización Interprofesional Láctea, 2016).

Nese mesmo ano aprobouse o Real Decreto 125/2015 “polo que se modifica o Real Decreto 1363/2012, do 28 de setembro, que regula o recoñecemento das organizacións de produtores de leite e das organizacións interprofesionais no sector lácteo e establécense as condicións de contratación”. Este decreto pretende xeneralizar os contratos lácteos de longa duración, favorecer a asociación dos produtores e a negociación do leite a través das organizacións de produtores, e ampliar as funcións da Organización Interprofesional Láctea (INLAC) (Ministerio de Agricultura Alimentación y Medio Ambiente, 2015).

Debido a gran inestabilidade do sector lácteo, o Goberno de España intensificou as súas relacións co mesmo para buscar solucións conxuntamente. Ademais, incrementáronse as reunións entre INLAC e o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio ambiente (MAGRAMA), resultando na firma do Acordo para a Estabilidade e Sostenibilidade da Cadea de Valor do Sector Vacún de Leite (*Acuerdo para la estabilidad y sostenibilidad de la cadena de valor del sector vacuno de leche*, 2015). Dito acordo inclúe a todas as partes, ós produtores, ás industrias lácteas e ós distribuidores, que se comprometen a loitar pola estabilidade do sector lácteo e por alcanzar prezos sostibles que garantan os custos de produción.

No ano 2016 o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, homologou a Orde AAA/67/2016 do 25 de Xaneiro, “pola que se homologa o contrato tipo de subministración do leite crúa de vaca aplicable a gandeiros con código Rega, que se establecerá por un período dun ano”, que pretende favorecer a estabilidade do sector, mediante a creación de contratos de 12 meses de duración, coas empresas lácteas. Estes contratos só poderán ser rexeitados polos produtores lácteos (Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, 2015).

1.1.4. Os xóvenes que se adican a produción láctea

As gandarías con un maior número de vacas, que presentan unha maior inversión e unha maior especialización nas mesmas, son aquelas nas que hai unha familia agraria ampla. Estas adoitan contar con un xoven profesional e os seus antecesores familiares, moitos deles pensionistas, ou un titular xoven sen ascendentes, nas que non hai outra actividade laboral, nin tampouco ingresos provintes de pensións (López, Sineiro, & Valdês, 2002).

Tradicionalmente as nais impulsaban ás fillas a estudar afastándoas do sector agrícola e gandeiro, e educaban ós seus fillos para continuar co negocio familiar. Existen momentos claves para a decisión de continuar coa explotación, como son a finalización dos estudos dos fillos, non encontrar traballo ou a xubilación dos titulares. Para os xóvenes que deciden quedar no campo, o descanso, o ocio e o tempo libre, son termos case inexistentes. Así mesmo, a hora de encontrar parella existen moi poucas persoas que acepten todos os sacrificios que implica ter unha parella que traballe no campo (Díaz & Díaz, 1995).

En Galicia a situación está a cambiar xa que os xóvenes tanto homes coma mulleres poden elixir traballar nas explotacións gandeiras con total liberdade. Ademais, se o desexan teñen a posibilidade de realizar os seus estudos orientados ó traballo no sector (Federación EFA Galicia, 2018).

1.1.5. Riscos laborais no sector agropecuario

As actividades levadas a cabo no sector primario e orientadas a agricultura e gandaría, posúen un elevado número de riscos laborais. Os datos oficiais existentes en relación co número de accidentes laborais non se corresponde coa realidade. Os danos producidos en pensionistas que aínda colaboran nas granxas, en traballadores inmigrantes que non posúen un contrato laboral ou nas persoas que teñen gando, pero que presentan outra actividade laboral, non se contabilizan (Sindicato Labrego Galego, 2007).

Rol de produtor lácteo no desempeño ocupacional de xóvenes gandeiros

O alto nivel de risco débese en gran parte a variedade de tarefas que deben levar a cabo os gandeiros, entre elas encóntranse a condución e reparación da maquinaria agrícola, o uso de fertilizantes e praguicidas, a manipulación de pesos e cargas, os riscos derivados do contaxio de enfermidades infecciosas presentes no gando ou nos seus excrementos, etc (Gómez, 2003)

Entre os accidentes máis comúns e de alta gravidade atópase o de tractor, vehículo presente na maioría das explotacións gandeiras. Así mesmo, a reparación e o mantemento dos engrenaxes da maquinaria agrícola presenta un elevado risco de amputación dos membros superiores, o que repercute de maneira significativa do desempeño ocupacional do traballador (Sindicato Labrego Galego, 2007).

O uso de fitosanitarios presenta un risco importante para a saúde. A pesar de ser un produto altamente perigoso e nocivo, frecuentemente é infravalorado polos gandeiros. Outros riscos comúns nas granxas son os derivados do entorno de traballo e da elevación e transporte manual de cargas. Ante a imposibilidade de mecanizar e automatizar todo o traballo séguese a realizar tarefas que conlevan unha elevada carga de peso, como o manexo de carretillas con forraxes, o transporte de pacas de herba seca e a carga de sacos de penso. Así mesmo, as posturas forzadas que se manteñen durante as diferentes tarefas realizadas ó longo da xornada laboral contribúen á aparición de ciatalxias, lumbalxias, hernias discais, etc (Sureda, 2014).

Por último, debido ó contacto cos animais, o gandeiro está exposto ó risco de padecer lesións físicas (golpes, cornadas, pisotóns, aplastamentos, etc.) e enfermidades infecciosas. Entre as máis frecuentes de transmisión dos animais de gando vacún encóntranse a Brucelose, a Tuberculose Bovina e o Tétanos (Sindicato Labrego Galego, 2007).

1.2. Unha aproximación dende a Terapia Ocupacional

1.2.1. Traballo como ocupación significativa e Terapia Ocupacional

O traballo é unha das áreas da ocupación máis importante nos adultos. Este é definido como o conxunto de actividades necesarias para desempeñar un emprego remunerado ou actividades de voluntariado (Ávila et al., 2010).

O rol de empregado permite o desenvolvemento integral da persoa adulta (Guzmán, 2008). Así mesmo, a participación en empregos significativos incrementa o nivel de satisfacción do individuo co seu traballo e a súa vez contribúe a que se sinta máis realizado na súa vida persoal (Ivtzan, Sorensen, & Halonen, 2013). A Terapia Ocupacional é unha disciplina que favorece o desempeño exitoso do rol de traballador en empregos significativos e a participación en actividades e tarefas laborais (Larson & Ellexson, 2005).

A Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais (WFOT) define a práctica desta disciplina no ámbito laboral como “a provisión de servizos de Terapia Ocupacional que promovan a saúde e a prevención de lesións no lugar de traballo, que permitan que un individuo afectado por unha lesión, enfermidade ou discapacidade poida regresar ó seu traballo, e obter e manter un emprego significativo e produtivo, sempre que sexa posible ou o máis pronto posible, despois dunha lesión ou enfermidade” (World federation of occupational therapists, 2016).

Por iso, a WFOT defende que a Terapia Ocupacional debe ser unha disciplina que se inclúa dentro do ámbito laboral, xa que os terapeutas ocupacionais centran a súa práctica nas ocupacións, entre as que se encontra a produtividade e o traballo (World federation of occupational therapists, 2016). Ditas ocupacións están presentes ó longo de toda a vida e cobran especial importancia na idade adulta. Por iso, a área ocupacional do traballo é a área na que predominan as condicións de risco para a persoa, as cales, deben de impedirse (Guzmán, 2008).

1.2.2. Traballo e saúde

O ambiente de traballo tanto físico como social pode influír no nivel de saúde e na calidade de vida. Ata o momento, os traballadores que levaban a cabo empregos que requirían un maior nivel de esforzo físico, con unha menor retribución económica e que esixían un nivel de estudos inferior, adoitaban presentar máis problemas na súa saúde, xeralmente física, que os traballadores con empregos de categoría superior. Hoxe en día, esta situación está cambiando xa que os traballadores con un nivel de estudos superior e mellores postos de traballo, incrementaron os problemas na súa saúde psicolóxica, debido ó estrés e o *burnout*, ou tamén coñecido como síndrome do queimado (Hämmig & Bauer, 2013).

A saúde dende unha perspectiva ocupacional é un concepto comunmente ligado a ocupación laboral. Deste xeito, compréndese a mesma como o resultado dun entramado complexo formado polo ambiente laboral, os factores de risco, as enfermidades e os accidentes laborais (Guerrero, Amell, & Cañedo, 2004). Dende esta perspectiva a saúde ocupacional xunto coa seguridade industrial buscan a redución dos riscos e accidentes laborais (Arias, 2012).

Cómpre non ver a saúde ocupacional vinculada unicamente o ámbito laboral, senón como un estado de benestar físico, psíquico e social, que se obtén a partir da participación en ocupacións significativas para a persoa e a sociedade na que reside (Wilcock, 2015). Así mesmo, as condicións de vida da persoa (Organización Mundial de la Salud, 2009) conforman moitos dos prerequisites da saúde mencionados pola Carta de Ottawa para a promoción da saúde, que pon de manifesto que o aumento do nivel da mesma, non vai estar definido pola ausencia da enfermidade, senón que estará fundamentado nestes prerequisites e condicións de vida, que repercuten nas ocupacións das persoas e polo tanto, na súa saúde ocupacional (Organización Mundial de la Salud, 1986).

1.2.3. Aproximación ó sector lácteo dende a Terapia Ocupacional e xustificación

A gandaría, a produción e venda de leite, e en conxunto o sector agropecuario orientado á produción láctea, forma parte da historia tradicional de Galicia. Nos últimos anos os produtores lácteos tiveron que afrontar grandes crises do sector relacionados cos baixos prezos do leite (López, 2015). Malia e todo, seguiron loitando pola supervivencia das granxas e por continuar conformando un dos principais sectores primarios de Galicia e España (Organización Interprofesional Láctea, 2016).

Co fin de coñecer a situación real que está a vivir a comunidade de gandeiros, identificar as súas necesidades ocupacionais e poñer de manifesto a repercusión que este traballo ten na saúde ocupacional e calidade de vida, nace este estudo. Coa realización do mesmo, preténdese tamén iniciar novas liñas de investigación, que promovan a proposta e a creación de programas e estratexias, en colaboración cos produtores lácteos, e que incidan positivamente no seu benestar (Organización Mundial de la Salud, 2012).

As condicións de vida dos gandeiros entendidas como as condicións nas que a persoa nace, crece e envellece (Organización Mundial de la Salud, 2009), unidas ó desempeño do seu traballo, condicionan a participación no resto de ocupacións e por ende na súa saúde (Carta de otawa). A pouca dispoñibilidade de tempo que polo seu traballo presentan os gandeiros para adicallo ó ocio e ó tempo libre, fai que exista un risco de exclusión da sociedade e en consecuencia unha situación de inxustiza ocupacional (Galheigo, 2007). O ocio e tempo libre foi definido polo Marco de Traballo para a práctica de Terapia Ocupacional como o tempo no que a persoa non realiza ningunha actividade diaria obrigatoria como o traballo, o coidado persoal ou o descanso (Ávila et al., 2010). En concordancia co mencionado anteriormente, na idade adulta o traballo é a principal ocupación das persoas, e este xunto coa familia e a crianza dos fillos, condiciona os períodos de tempo libre para adicar o ocio, resultando polo xeral escasos (Muñoz & Salgado, 2006). A pesar de iso, conforma un dos

dereitos inalienables do ser humano citado pola Declaración Universal dos Dereitos humanos, na que se destaca que toda persoa ten dereito ó descanso, ó desfrute do tempo libre e a vacacións periódicas (Asamblea General de las Naciones Unidas, 1948).

Co fin de ofertar oportunidades de participación ocupacional e por ende promover a xustiza ocupacional (Townsed & Whiteford, 2007), xorde a investigación na acción participativa, que busca a capacitación da comunidade, neste caso de produtores lácteos para reverter dita situación (Trentham & Cockburn, 2007). Por iso, este traballo de investigación pretende continuar coa consecución do obxectivo da Comisión sobre determinantes sociais da saúde e da Organización mundial da saúde (Organización Mundial de la Salud, 2009), no que se pretende identificar as necesidades ocupacionais dos produtores lácteos, concienciar a toda a comunidade, fomentar a creación de accións e transcender as prácticas habituais, neste caso da disciplina de Terapia Ocupacional, en colaboración cos propios gandeiros, xa que son os que mellor poden identificar as súas necesidades ocupacionais (Organización Mundial de la Salud, 2012).

A pesar da importancia da presenza da Terapia Ocupacional no ámbito laboral, hai escasos estudos publicados. Ademais, non existe bibliografía en relación con dita disciplina e a repercusión que o traballo no campo e nas explotacións gandeiras xera no desempeño ocupacional das persoas, na súa saúde ocupacional e calidade de vida. Por iso, o sector agropecuario xoga en desvantaxe a nivel de investigación en relación con outros sectores primarios, como por exemplo o sector pesqueiro no que xa existen estudos publicados (Pacheco, Souto, Talavera, & Moruno, 2014).

2. Obxectivos

2.1. Obxectivo principal

O obxectivo principal deste estudo é valorar a repercusión do rol de produtor lácteo no desempeño ocupacional e na calidade de vida dos xóvenes gandeiros do rural galego.

2.2. Obxectivos específicos

- Identificar o nivel de calidade de vida que posúe a poboación xoven que exerce unha actividade laboral agropecuaria, englobada no sector primario.
- Analizar como inflúe a actividade laboral dos produtores lácteos sobre o desempeño ocupacional na área de participación social.
- Valorar a satisfacción co ocio e o tempo libre de ditos traballadores.
- Analizar como se relacionan as principais características do traballo nunha explotación gandeira coa satisfacción coa vida e a calidade de vida dos participantes.

3. Metodoloxía

3.1. Tipo de diseño de investigación

Trátase dun estudo descritivo, observacional e transversal.

3.2. Ámbito de estudo

O estudo realizouse no concello de Curtis situado na provincia de A Coruña. Seleccionouse un grupo de poboación constituído por xóvenes con idades comprendidas entre 20 e 45 anos. Este grupo estaba conformado por traballadores pertencentes ó sector da agricultura e gandaría que residían e desempeñaban a súa actividade laboral en dito municipio.

Segundo o INE (Instituto Nacional de Estatística) o número de persoas que residen no concello, cunha idade comprendida entre os 20 e os 45 anos, conforman un total de 924 persoas. Destas, 483 son homes e 441 mulleres. O grupo quinquenal con maior número de poboación e o comprendido entre 35 e 39 anos, con un total de 141 homes e 139 mulleres. O grupo con menor número de persoas está composto por xóvenes entre 20 e 24 anos. Destes 91 son homes e 71 son mulleres. O grupo comprendido entre 25 e 29 anos, está constituído por 113 varóns e 111 mulleres, e o grupo quinquenal que abarca os 30-34 anos, está formado por 138 homes e 120 mulleres.

No concello de Curtis, a actividade económica divídese entre os sectores primario (dedicado a agricultura e gandaría), secundario (dedicado a industria e construción) e terciario ou tamén chamado sector servizos. Os sectores que contan con máis traballadores son: o sector terciario, que conta co 56,5%, seguido do sector agropecuario, relacionado con actividades de agricultura e gandaría, que está constituído polo 18%. Este último sector ademais de proporcionar emprego a unha gran parte da poboación do municipio, xera outros empregos secundarios relacionados coa agro-alimentación, coa transformación de produtos lácteos, co transporte de animais, e coa venta de produtos cárnicos.

Rol de produtor lácteo no desempeño ocupacional de xóvenes gandeiros

Segundo os últimos datos estatísticos do IGE (Instituto Galego de Estadística) este municipio conta con 247 explotacións gandeiras, constituídas por un total de 9900 cabezas de animais. De todas elas 100 corresponden a gando equino, 1033 a gando porcino e 8815 cabezas a gando bobino.

3.3. Tipo de mostraxe

Mostreo non probabilístico de conveniencia.

3.4. Criterios de inclusión e exclusión

3.4.1. Criterios de inclusión

- Ter entre 20 e 45 anos.
- Residir no concello de Curtis.
- Desempeñar unha ocupación laboral relacionada co sector agropecuario e consistente na produción láctea
- A explotación gandeira debe estar situada en Curtis.

3.4.2. Criterios de exclusión

- Ter unha experiencia laboral inferior a 1 ano no sector agropecuario.
- Non presentar consentimento para a participación no estudo

3.5. Plan de Mostraxe

Como primeira aproximación á poboación de estudo e co obxectivo de realizar unha estimación do posible tamaño da mostra, en primeiro lugar, a investigadora contactou con empresas e cooperativas que ofrecen servizos veterinarios as granxas deste municipio como Cusoviame. Tamén se estableceu contacto cos traballadores de AFRICOR (Asociación Provincial de Gandeiros) en A Coruña, encargados de realizar o control leiteiro das explotacións gandeiras, así como coa S.A.T. San Cidre que constitúe a única cooperativa de venda de leite deste concello.

Mediante a colaboración das mesmas observouse que a gran maioría das explotacións gandeiras estaban situadas nas parroquias de Santa María de Foxado e Santa Eulalia de Curtis. Por iso, decidiuse elaborar este estudo centrándose unicamente nestas parroquias, xa que nelas encóntranse a maior parte dos produtores lácteos (53 dun total de 65).

Durante o proceso de recollida de información, a investigadora desprazouse ata as diferentes explotacións gandeiras das parroquias citadas con anterioridade. En primeiro lugar, explicou ós seus traballadores as principais características do estudo, entregándolles ademais unha Folla de Información (Apéndice I) do estudo, invitando a participar no mesmo a aquelas persoas que cumprían os criterios de inclusión. Finalmente, foi necesario que cada traballador asinara o documento de Consentimento Informado (Apéndice II) para poder participar no estudo e responder posteriormente as preguntas do cuestionario elaborado para a investigación (Apéndice III).

3.6. Aspectos éticos e legais

Para garantir o cumprimento dos aspectos éticos e legais dos participantes neste estudo de investigación respectáronse os principios éticos fundamentais da Declaración de Helsinki (Asociación Médica Mundial, 2000), da Norma de boa práctica clínica (Amor et al., 2007), do Convenio de Oviedo (Consejo de Europa, 1997) e tívose en conta a Declaración Universal dos dereitos humanos (Asamblea General de las Naciones Unidas, 1948).

Así mesmo, foi necesario que os participantes do estudo leran a folla de información ó participante (Apéndice I), a cal contiña información relevante acerca do mesmo e do método que se empregou para salvaguardar a identidade dos participantes e respectar a confidencialidade dos datos, de acordo coa Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal (Jefatura del Estado, 1999) e o Regulamento Xeral de Protección de datos 2016/679 (Parlamento Europeo y Consejo de la Unión Europea,

2016). Para garantir o anonimato asignouse un código (T) a cada participante seguido dun número en función do orde no que foron entrevistados. Cabe destacar, que para poder participar no estudo foi obrigatorio que os participantes asinaran anteriormente o consentimento informado (Apéndice II). A participación no mesmo foi voluntaria, polo que puideron abandonar a investigación no momento que consideraron oportuno.

3.7. Variables de estudo

3.7.1. Características sociodemográficas

As variables referentes as características sociodemográficas, forman parte da entrevista estruturada que se administrou ós produtores lácteos (Apéndice III).

- Idade
- Xénero: masculino/feminino
- Estado civil: solteiro, casado, separado/divorciado ou viúvo
- Número de fillos
- Lugar de residencia: Santa Eulalia de Curtis/Santa María de Foxado
- Tipo de vivenda: casa/piso
- Vive só: si/non
- Coida persoa con dependencia: si/non
- Nivel de estudos: Primarios, secundarios, formación profesional, estudos universitarios

3.7.2. Actividade laboral

As variables referentes a actividade laboral dos produtores lácteos, forman parte da entrevista estruturada que se administrou ós mesmos (Apéndice III).

- Número de empregados asalariados
- Anos que leva desempeñando a súa ocupación laboral
- Xornada laboral: parcial/completa

- Tipo de explotación gandeira: intensiva (gando estabulado) / extensiva (gando en pastoreo)
- Número de crotais: número de vacas, que oscila entre menos de 25 a máis de 300.

3.7.3. Escala de satisfacción coa vida

É unha escala composta por cinco ítems, valorados entre 1 e 7, sendo 1=Fortemente en desacordo e 7=Fortemente de acordo. A puntuación obtense mediante a suma dos valores puntuados en cada ítem. Os ítems que a compoñen son “Na maioría dos aspectos, a miña vida acercase ó meu ideal”, “As condicións da miña vida son excelentes”, “Estou completamente satisfeito coa miña vida”, “Ata agora, conseguín as cousas máis importantes que quero na vida” e “Se puidera vivir a miña vida de novo, non cambiaría nada” (Apéndice IV) (Vázquez, Duque, & Hervás, 2013).

3.7.4. Escala de inadaptación

Esta escala conta con 5 ítems referidos ós ámbitos da vida diaria como son o traballo e/ou os estudos, a vida social habitual, tempo libre, relación de parella e/ou a posibilidade de atopala, relación familiar e vida normal, e un sexto, que recolle o grado de inadaptación xeral. Os valores oscilan entre 0=Nada e 5=Moitísimo. O punto de corte para cada ítem é o valor 2 e o global sitúase nos 12 puntos (Apéndice V) (Echeburúa, Corral, & Fernández, 2000).

3.7.5. Cuestionario de saúde SF-12

É un cuestionario acerca da calidade de vida relacionado coa saúde. Está composto por 12 ítems referentes acerca do estado de saúde en xeral e actual, o estado de saúde física e emocional nas catro últimas semanas, así como a frecuencia con que a saúde interfere na realización de actividades sociais (Apéndice VI) (Vera, Silva, Celis, & Pavez, 2014).

3.8. Análise estatístico

Co fin de obter os datos para a análise descritiva administrouse ós participantes unha entrevista estruturada (Apéndice III), composta por 14 preguntas, así como a Escala de Satisfacción coa Vida (Apéndice IV), Escala de Inadaptación (Apéndice V) e o Cuestionario de saúde SF-12 (Apéndice VI)

Cos datos obtidos realizouse unha análise descritiva das variables do estudo. Nas variables cuantitativas calculouse a media e a desviación estándar (DE) cando estas seguían unha distribución normal (en concordancia co Test de Kolmogorow-Smirnov); no caso contrario, analizouse a mediana e os percentís 25 (Q1) e 75 (Q3) e os valores máximos e mínimos. As variables categóricas expresáronse como valores absolutos e/ou porcentaxes.

Para estudar a posible relación entre as características da ocupación laboral (número de empregados e tipo de explotación) e variables relacionadas coa satisfacción coa vida, o grao de inadaptación e a calidade de vida, empregáronse os test estatísticos chi-cuadrado de Pearson ou o tes exacto de Fisher, U de Mann-Whitney e o coeficiente de correlación ρ de Spearman, segundo o tipo de variables de cada análise. En todas as análises, un valor $p < 0,05$ foi considerado estatisticamente significativo. Empregouse o programa estatístico SPSS, versión 23.

4. Resultados

4.1. Análise descritivo das variables do estudo

4.1.1. Características sociodemográficas

O tamaño da mostra é de 47 participantes que desempeñan a súa ocupación laboral no sector agropecuario, dedicada á produción láctea.

A media de idade dos produtores lácteos que conforman a mostra é de 34,74 anos (DE 7,54), sendo 20 os anos que presenta o menor participante e 45 o maior.

A Táboa I amosa as características sociodemográficas dos participantes. O perfil dos produtores lácteos que participaron neste estudo caracterizábase maioritariamente por varóns (72,3%), cuxo estado civil era solteiro (51,1%), sen fillos (44,7%) e con un nivel de estudos secundarios (42,6%). No referente ó lugar de residencia, a gran parte dos participantes vivía nunha casa (85,1%), situada na parroquia de Santa Eulalia de Curtis (51,1%) e convivía con máis membros da unidade familiar (100%).

Rol de produtor lácteo no desempeño ocupacional de xóvenes gandeiros

Táboa I. Características Sociodemográficas ($n=51$)

Variable	n (%)
Xénero	
Masculino	34 (72,3)
Estado civil	
Solteiro	24 (51,1)
Casado	21 (44,7)
Separado/Divorciado	2 (4,3)
Viúvo	0 (0)
Número de fillos	
0	21 (44,7)
1	7 (14,9)
2	17 (36,2)
Familia numerosa	2 (4,3)
Lugar de Residencia (Parroquia)	
Santa Eulalia de Curtis	24 (51,1)
Tipo de vivenda	
Casa	40 (85,1)
Vive só	
Non	47 (100)
Coida persoa con dependencia	
Non	44 (93,6)
Nivel de estudos	
Primarios	15 (31,9)
Secundarios	20 (42,6)
Formación profesional	11 (23,4)
Estudios universitarios	1 (2,1)

n (%) é o número de casos e a súa porcentaxe

4.1.1.1. Xénero

Na Táboa I obsérvase que o perfil de produtor lácteo no municipio de Curtis con idades comprendidas entre os 20 e 45 anos, caracterízase maioritariamente por varóns, sendo estes 34 participantes dos 47 totais, polo que constitúen unha porcentaxe de 72,3%.

4.1.1.2. Estado Civil

Máis da metade dos participantes están casados, tal e como se pode observar na Táboa I.

4.1.1.3. Número de Fillos

Tal e como se amosa na Táboa I o 44,7% dos produtores lácteos que participaron neste estudo non teñen fillos; o 36,2% teñen dous e o resto dos participantes teñen un fillo ou constitúen unha familia numerosa.

4.1.1.4. Lugar de Residencia (Parroquia)

En relación ó lugar de residencia cabe destacar que a porcentaxe de produtores lácteos que vive en Santa María de Foxado ou Santa Eulalia de Curtis é practicamente similar aínda que sobresaia esta última parroquia na que se encontra o 51,1% do total dos participantes (Táboa I).

4.1.1.5. Tipo de Vivenda

Como pode observarse na Táboa I tan só o 14,9% reside nun edificio de pisos; os restantes residían nunha vivenda unifamiliar.

4.1.1.6. Vive só

Todos os produtores lácteos afirman que non viven sós, polo que conviven con máis membros da súa unidade familiar (Táboa I).

4.1.1.7. Coida persoas en situación de discapacidade ou dependencia

Do total de 47 participantes tan só o 6,4% dos produtores lácteos, proporcionaban coidados ou tiñan ó seu cargo persoas en situación de discapacidade ou dependencia (Táboa I).

4.1.1.8. Nivel de estudos

Na Táboa I pode observarse que o 42,6% rematou estudos secundarios como a Educación secundaria obrigatoria (ESO), o Bacharelato, o Bacharelato Unificado Polivalente (BUP) ou o Curso de Orientación Universitaria (COU). Tan só o 2,1% acadou estudos universitarios.

4.1.2. Actividade laboral

A actividade laboral de todos os participantes forma parte do sector primario agropecuario e está adicada á agricultura e gandería. Trátase de produtores lácteos, a maioría sen empregados (40,4%) que levan desempeñando a súa ocupación laboral a xornada completa (95,7%) e maioritariamente durante máis de 10 anos (55,3%).

As explotacións gandeiras nas que traballan adoitan ser de tipo intensivas (70,2%) nas que o gando está estabulado. A maioría dos participantes realizan o seu traballo en granxas de vacún de leite deste municipio que contan con un número de reses bovinas superior a 300 (21,3%).

A continuación, na Táboa II amósanse os resultados obtidos neste estudo en relación a actividade laboral da mostra, indicando o número de casos e a súa porcentaxe.

Rol de produtor lácteo no desempeño ocupacional de xóvenes gandeiros

Táboa II. Actividade laboral ($n=51$)

Variable	n (%)
Número de empregados asalariados	
0	19 (40,4)
1	5 (10,6)
2	8 (17)
3	3 (6,4)
4	11 (23,4)
5	1 (2,1)
6-10	0 (0)
10-20	0 (0)
Máis de 20	0 (0)
Anos que leva desempeñando a súa ocupación laboral	
1-3	6 (12,8)
3-5	6 (12,8)
5-10	9 (19,1)
Máis de 10	26 (55,3)
Xornada laboral	
Completa	45 (95,7)
Tipo de explotación gandeira	
Intensiva	33 (70,2)
Número de crotais	
Menos de 25	1 (2,1)
25-50	2 (4,3)
50-75	8 (17,0)
75-100	6 (12,8)
100-150	7 (14,9)
150-200	9 (19,1)
200-520	2 (4,3)
250-300	2 (4,3)
Máis de 300	10 (21,3)

n (%) é o número de casos e a súa porcentaxe

4.1.2.1. Número de empregados asalariados

A maior parte das explotacións gandeiras que formaron parte deste estudo non tiñan empregados asalariados (40,4%). No caso de posuír empregados a maioría presentaba catro (23,4%). Estes datos amósanse na Táboa II.

4.1.2.2. Anos que leva desempeñando a súa ocupación laboral

En relación ós anos que levan adicándose a produción de leite o 55,3% afirma que se trata de máis de dez anos. A esta porcentaxe séguelle o dos gandeiros que levan traballando entre cinco e dez anos (19,1%). Na Táboa II pode observarse que existe o mesmo número de participantes que levan desempeñando a súa ocupación entre un e tres anos e entre tres e cinco anos.

4.1.2.3. Xornada laboral

No referente a xornada laboral na Táboa II aparece proxectado que o 95,7% dos gandeiros que conforman a mostra presentan unha xornada laboral completa.

4.1.2.4. Tipo de explotación gandeira

Neste municipio conflúen dous tipos de explotacións, ambas orientadas a produción de leite. A maior parte das mesmas (70,2%) é de tipo intensiva, é dicir, o seu gando encóntrase estabulado nas granxas de xeito permanente (Táboa II).

4.1.2.5. Número de crotais

No que respecta ó número de crotais que presentan as granxas nas que traballan os gandeiros que conforman a mostra, percíbense dúas porcentaxes moi igualadas entre os que hai gran diferenza en relación a o número de crotais. O 21,3% dos traballadores afirman desempeñar a súa

ocupación laboral nunha granxa de máis de 300 vacas e o 19,1% nunha explotación gandeira con un número de reses bovinas entre 150 - 200. Na Táboa II aparecen recollidos todos os datos que se recadaron en relación ó número de crotais.

4.1.3. Escala de satisfacción coa vida

A Táboa III contén a mediana das puntuación obtidas para cada uns dos ítems da Escala de Satisfacción coa vida e o valor dos percentís 25 e 75.

A través da análise da Táboa III obsérvase que as medianas de todos os ítems foi 5, a excepción do ítem “*Estou completamente satisfeito coa miña vida*”, que obtivo unha mediana de 6. Como pode observarse, as puntuacións obtidas sitúanse en valores medios entre o 1= Fortemente en desacordo e o 7= Fortemente de acordo, acercándose o maior nivel de satisfacción coa vida.

Táboa III. Escala de Satisfacción coa vida

	Mediana ^a	Q ₁ – Q ₃ ^a
Na maioría dos aspectos, a miña vida acercase ó meu ideal	5	4 – 6
As condicións da miña vida con excelentes	5	4 – 6
Estou completamente satisfeito coa miña vida	6	4 – 7
Ata agora, conseguín as cousas máis importantes que quero na vida	5	4 – 6
Se puidera vivir a miña vida de novo, non cambiaría nada	5	3 – 6

^a sigue Escala de Satisfacción coa Vida; 1= Fortemente en desacordo;

7= Fortemente de acordo

4.1.4. Escala de inadaptación

4.1.4.1. Traballo e/ou estudos

Na Figura 1 pode observarse que a maioría dos gandeiros (44,7%) afirma que os problemas laborais lle afectan “pouco” no funcionamento do traballo e/ou nos estudos. Un 21,2% afirma que lle afecta entre “bastante” e “moito”.




Figura 1. Escala de Inadaptación: traballo e/ou estudos. (n = 51)

4.1.4.2. Vida social

En relación a vida social, o 89,4% dos produtores lácteos, asegura que os problemas laborais non lle interfieren na vida social á hora de manter relacións de amizade con outras persoas. Tan só o 2,1% afirma que lle afectan “moito” e o 8,5% “bastante” (Figura 2).




Figura 2. Escala de Inadaptación: vida social. ($n = 51$)

4.1.4.3. Tempo libre

Do total dos participantes que compoñen a mostra, 25 afirman que as actividades habituais que realizan no seu tempo libre víronse afectadas polo traballo que desempeñan, supoñendo o 53,2% da mostra. O grado de afectación oscila entre “bastante” (29,8%), “moito” (17%) e “moitísimo” (6,4%). Tan só catro persoas afirmaron que a vida laboral non lles interfere no seu tempo libre e outras catro recoñeceron que non lles afecta “case nada” (Figura 3).




Figura 3. Escala de Inadaptación: tempo libre. ($n = 51$)

4.1.4.4. *Relación de parella*

No que respecta a relación de parella ou á posibilidade de encontrala o 40,4% asegura que o seu traballo non lle afectou neste ámbito. O 27,7% reconece que lle afecta aínda que “pouco” e o 14,9% admite que lle prexudica entre “bastante” e “moito”. Estes datos aparecen reflectidos na Figura 4.




Figura 4. Escala de Inadaptación: relación de parella/posibilidade de atopala. ($n = 51$)

4.1.4.5. Vida familiar

Na figura 5 pode observarse que a maior parte dos gandeiros (40,4%) aseguran que o seu traballo non lles interfere na súa relación familiar. Sen embargo, o 14,9% afirma que lles afecta entre “bastante” e “moito”.




Figura 5. Escala de Inadaptación: vida familiar. ($n = 51$)

4.1.4.6. Escala global

En relación ó grado de afectación da vida normal en xeral polo traballo de gandeiro adicado á produción láctea, o 31,9% dos participantes admiten que lles afecta “pouco”, sendo esta a porcentaxe máis alta. Posteriormente encóntranse os que recoñecen que non lles afecta “nada” (29,8%) (Figura 6).




Figura 6. Escala de Inadaptación: vida normal en xeral. ($n = 51$)

4.1.5. Cuestionario de saúde SF-12

A continuación expoñeranse os resultados obtidos deste estudo coa administración da escala SF-12, en relación á saúde e calidade de vida dos produtores lácteos e poñerase de manifesto ata que punto o seu estado de saúde lles condiciona para realizar as súas tarefas habituais.

No referente ó grado de saúde (Figura 7), o 36,2% dos participantes afirma que presentan un “bo” estado saúde, sendo esta a porcentaxe que recolle á maioría da mostra. A mesma séguelle o 27,7%, que manifestan ter unha

saúde “excelente”. Nesta figura pode observarse tamén, que ó 19,1% da mostra, consideran que teñen unha saúde entre “regular” e “mala”.




Figura 7. Cuestionario de saúde SF-12: saúde. ($n = 51$)

Na Táboa IV móstranse os resultados obtidos en relación á saúde actual, á saúde física e tamén emocional dos participantes, no referente ó desempeño do seu traballo como gandeiros adicados á produción láctea.

Nas situacións nas que deben realizar esforzos moderados, o 80,9% refire que a súa saúde non lle limita para “nada”. Sen embargo, existe un 17% que recoñece que lle limita “un pouco”. Isto mesmo acontece a hora de subir varios pisos polas escaleiras, onde a maioría (85,1%) contestou que non lle limita para “nada” (Táboa IV).

No referente á saúde física, o 25,5% asegura que nas catro últimas semanas “fixo menos do que quixera facer”, e o 23,4% recoñece que “tivo que deixar de facer” algunhas tarefas no seu traballo ou nas súas actividades habituais (Táboa IV).

En relación á saúde emocional, tan só o 8,5% afirma que “fixo menos do que quixera facer” nas catro últimas semanas, e o 12,8% recoñece que non fixo o seu traballo ou as súas actividades habituais “tan coidadosamente” como de costume. No que respecta a dor, a maioría dos participantes (59,6%) responderon que non lles dificultaba para “nada” a realización do seu traballo (Táboa IV).

No que respecta a canto tempo se sentiron calmados e tranquilos nas catro últimas semanas, o 65,9% recoñece ter esta sensación “sempre” ou “case sempre” (Táboa IV).

En relación a canto tempo tiveron moita enerxía, o 66% aseguran que “sempre” ou “case sempre” estiveron enérxicos nas catro últimas semanas e o 23,4% recoñece que só se sentiu dese xeito “algunha vez” (Táboa IV).

No referente a canto tempo se sentiron desanimados e tristes, o 44,7% confesa que non tivo este sentimento “nunca” ó longo das catro últimas semanas. Entre os que admiten sentirse desanimados e tristes, o 49% recoñece que foi “algunha vez” e o 6,4% “moitas veces” ou “case sempre”.

Rol de produtor lácteo no desempeño ocupacional de xóvenes gandeiros

Táboa IV. Cuestionario de saúde SF - 12

Variable	n (%)
Saúde actual	
Esforzos moderados	
Sí, limítame moito	1 (2,1)
Sí, limítame un pouco	9 (17)
Non, non me limita para nada	38 (80,9)
Subir varios pisos polas escaleiras	
Sí, limítame moito	1 (2,1)
Sí, limítame un pouco	6 (12,8)
Non, non me limita para nada	40 (85,1)
Saúde física	
Fixo menos do que quixera	
Sí	12 (25,5)
Tivo que deixar de facer tarefas no traballo	
Sí	11 (23,4)
Saúde emocional	
Fixo menos do que quixera	
Non	43 (91,5)
Non fixo o seu traballo tan coidadosamente	
Non	41 (87,2)
A dor dificultoulle o seu traballo habitual	
Nada	28 (59,6)
Un pouco	11 (23,4)
Regular	7 (14,9)
Bastante	1 (2,1)
Moito	0 (0)
¿Canto tempo se sentiu calmado e tranquilo?	
Sempre	15 (31,9)
Case sempre	16 (34)
Moitas veces	6 (12,8)
Algunhas veces	3 (6,4)
Só algunha vez	6 (12,8)
Nunca	1 (2,1)

n (%) é o número de casos e a súa porcentaxe

Rol de produtor lácteo no desempeño ocupacional de xóvenes gandeiros

Táboa IV. Cuestionario de saúde SF – 12 (Continuación)

Variable	n (%)
¿Canto tempo tivo moita enerxía?	
Sempre	21 (44,7)
Case sempre	10 (21,3)
Moitas veces	4 (8,5)
Algunhas veces	11 (23,4)
Só algunha vez	1 (2,1)
Nunca	0 (0)
¿Canto tempo se sentiu desanimado e triste?	
Sempre	0 (0)
Case sempre	1 (2,1)
Moitas veces	2 (4,3)
Algunhas veces	10 (21,3)
Só algunha vez	13 (27,7)
Nunca	21 (44,7)

n (%) é o número de casos e a súa porcentaxe

A Figura 8 mostra os resultados obtidos en relación á frecuencia con que saúde física ou emocional lles dificultou a realización de actividades sociais. A maioría dos participantes afirma que o seu estado de saúde non lle repercutiu “nunca” á hora de efectuar estas actividades. O 12,8% dos participantes reconece que lle afectou “algunhas veces” nese período de tempo e o 6,4% admite que foi “case sempre”




Figura 8. Cuestionario de saúde SF – 12: frecuencia con que a saúde dificulta as actividades sociais. ($n = 51$)

4.2. Estudo da asociación entre as características da ocupación laboral, satisfacción coa vida, o nivel de inadaptación e a calidade de vida

4.2.1. Asociación entre o número de empregados e a satisfacción coa vida

O número de empregados asóciase de maneira estatisticamente significativa e positiva cos seguintes ítems da Escala de Satisfacción coa Vida: “Na maioría dos aspectos, a miña vida acércase ó meu ideal” ($p = 0,037$), “Estou completamente satisfeito coa miña vida” ($p = 0,034$) e “Se puidera vivir a miña vida de novo non cambiaría nada” ($p = 0,007$). Polo tanto, se aumenta o número de empregados, a satisfacción coa vida tamén se incrementará.

4.2.2. Relación entre o número de empregados e a inadaptación coa vida laboral

O número de empregados relaciónase de xeito estatisticamente significativo e negativo con que a vida normal en xeral dos produtores

lácteos esta afectada ($p = 0,012$). Isto significa que a maior número de empregados haberá unha menor afectación da vida normal en xeral dos produtores lácteos pola realización do seu traballo.

4.2.3. Asociación entre o número de empregados, a saúde e a calidade de vida

A dor, asóciase de maneira estatisticamente significativa e negativa co número de empregados ($p = 0,017$). É dicir, a maior número de empregados, menor percepción de dor terán os gandeiros.

4.2.4. Repercusión do tipo de explotación gandeira na satisfacción coa vida

O tipo de explotación (extensiva ou intensiva) relaciónase de forma estatisticamente significativa co ítem da Escala de Satisfacción coa Vida “Se puidera vivir a miña vida de novo, non cambiaría nada” ($p = 0,005$). Os participantes de explotacións intensivas amosan un nivel de acordo maior con este ítem en comparación cos traballadores de explotacións extensivas

4.2.5. Vínculo entre o tipo de explotación gandeira, a saúde e a calidade de vida

O tipo de explotación gandeira (extensiva ou intensiva) está relacionado de xeito estatisticamente significativo coa dor ($p = 0,001$) e coa frecuencia con que a saúde física ou os problemas emocionais interfíren á hora de executar actividades sociais como visitas a familiares ou amigos ($p = 0,012$). Os participantes de explotacións extensivas amosan un nivel de dor maior en comparación cos traballadores de explotacións intensivas. De igual forma, nos participantes de granxas extensivas é máis frecuente que o seu estado de saúde física ou emocional interfira nas súas actividades de carácter social.

Ó mesmo tempo, o tipo de explotación está tamén asociado de maneira estatisticamente significativa con que os gandeiros fixeran menos do que

Rol de produtor lácteo no desempeño ocupacional de xóvenes gandeiros

houberan querido facer nas catro últimas semanas ($p = 0,012$). Isto ocorre con maior frecuencia nas explotacións gandeiras que teñen o gando en pastore, é dicir, de tipo extensivo.

5. Discusión

O obxectivo principal deste estudo foi valorar a repercusión do rol de produtor lácteo no desempeño ocupacional e na calidade de vida dos xóvenes gandeiros do rural galego.

Os resultados desta investigación poñen de manifesto que a idade media dos produtores lácteos máis xóvenes sitúase entorno ós 35 anos e que hai un gran predominio dos homes nas granxas, entre o grupo de poboación con idades comprendidas entre os 20 e os 45 anos. A través deste estudo pode observarse que o tempo libre dos produtores lácteos vese gravemente afectado polo desempeño do seu traballo. Ademais, as explotacións adicadas á venda de leite, caracterízanse por ter o gando estabulado nas granxas e non posuír empregados. Isto, fai que aumente a sobrecarga de traballo, diminúa o tempo libre, as actividades sociais, a saúde, a calidade de vida e por tanto aumente a sensación de dor.

Segundo Tolosana (2004) o sector lácteo, e en concreto as vacas, forman parte da historia de Galicia e da cultura galega, xa que estes animais conformaron durante moitos anos o principal aporte económico dos fogares do interior desta comunidade autónoma.

Iwama & Simó (2008) defenden que as ocupacións que as persoas levan a cabo na súa vida diaria están dotadas de valor e significado para as mesmas e a súa vez, están moduladas pola cultura na que se realizan. O sector lácteo está presente en moitos países aínda que a forma de realizar as ocupacións principais nas granxas como a muxidura, o coidado do gando e a limpeza do establo, dista moito do xeito en que se efectúa en Galicia. Asemade, o sentimento de rexentar unha empresa en moitos casos de herdanza familiar dota de un gran significado estas gandarías, que seguen loitando por perdurar activas, a pesar de ser un sector caracterizado, como cita López (2015) por un continuo estado de crise e inestabilidade.

A situación actual do sector agropecuario non garante unha estabilidade económica que facilite a independencia dos xóvenes, xa que moitas veces

os beneficios non cobren os custos de produción. Isto pode ser a causa de que a idade media da poboación xoven que se adica a produción láctea, sexa tan elevada. Segundo Pengue (2005) a importancia de que as granxas sigan pervivindo ó longo do tempo está directamente relacionada co obxectivo de alcanzar a sustentabilidade do rural a nivel medioambiental, social e tamén económico e evitar deste xeito a migración e sobrepoboación das zonas urbanas. Deste modo, contribuiríase a alcanzar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible do Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (2016).

A través deste estudo púidose comprobar que a situación actual deste traballo en explotacións gandeiras xeralmente familiares permite e facilita a crianza dos fillos. Esta ocupación é comprendida por Ávila et al (2010) no Marco de Traballo para a Práctica da Terapia Ocupacional como unha actividade instrumental da vida diaria, caracterizada pola provisión de cuidados, a supervisión dos menores e a cobertura das súas necesidades, co fin de contribuír ó desenvolvemento do infante.

A proximidade que xeralmente as granxas presentan cos fogares dos seus traballadores, permite que estes poidan conciliar a vida familiar coa laboral, e encargarse dos cuidados dos seus fillos, tal como queda demostrado neste estudo. Ademais este traballo en moitas ocasións, permite a presenza dos fillos durante a execución das tarefas cotiás nas granxas, facilitando que pais e fillos compartan máis tempo xuntos, afianzando deste xeito a súa relación de apego, definido por Bowlby (1969) e citado por Viana & Pellegrini (2008) como un vínculo forte e duradeiro entre o coidador e o neno. En concordancia Domínguez & Calvo (2015) afirman que estes primeiros anos de vida conforman un período vital para o crecemento e o desenvolvemento dos máis pequenos.

A elevada presenza de varóns nesta investigación concorda con outros estudos publicados pola Asociación Galega de Cooperativas Agrarias (Agaca) (2013) que demostran que hai unha gran presenza masculina nas explotacións gandeiras en Galicia. Noutro estudo publicado tamén por

Agaca (2015) obsérvase que a presenza de mulleres incrementábase segundo aumenta a idade. Isto pode deberse a que as mulleres sempre estiveron presentes no agro e nas granxas galegas desempeñando funcións tan importantes coma as dos homes, pero sen embargo, non formaban parte da titularidade das mesmas. Coa inclusión da muller ó mercado laboral moitas galegas decidiron incorporarse as súas granxas e dese xeito cotizar para poder obter nun futuro, unha pensión de xubilación. Aínda así, cabe destacar que moitos dos rapaces e en especial rapazas do rural galego deciden cursar estudos superiores e probar outras saídas laborais antes de incorporarse ó sector agropecuario.

Como puido observarse nesta investigación a maior parte dos traballadores das granxas contaban con estudos secundarios obrigatorios. Isto concorda co estudo publicado por Ferrás, Macía, García, & Armas (2007) que manifesta que o sector agropecuario en Galicia está caracterizado por unha escaseza de formación e especialización non só nas xeracións máis vellas, senón tamén nos produtores lácteos máis xóvenes. A falta de preparación actúa en moitas ocasións como unha barreira no desenvolvemento e modernización das gandarías galegas cara a unha concentración do terreo e a creación de sociedades que melloren a calidade de vida, aminoren a sobrecarga de traballo e que repercutan de xeito favorable no ocio, participación social, descanso dos produtores lácteos e por ende, na súa saúde ocupacional.

Entre os factores que menos ilusionan ós xóvenes á hora de incorporarse nas explotacións lácteas encóntrase a pouca dispoñibilidade de tempo libre para poder realizar as súas actividades de ocio e saídas sociais. Os traballadores non poden desatender as súas granxas nin un só día, polo que as súas xornadas laborais son excesivas e están caracterizadas por dúas muxaduras o día, o traballo de labranza das terras para obter os forraxes que alimentarán o gando todo o ano e os coidados que supón o establo. Segundo a Asamblea General das Nacións Unidas (1948) na declaración de Dereitos Humanos, *“toda persoa ten dereito ó descanso, ó disfrute do tempo libre, e a unha limitación razoable da duración do traballo*

e a vacacións periódicas pagadas". En concordancia, Muñoz & Salgado (2006) afirman que a presenza de tempo libre na idade adulta está condicionada pola ocupación laboral e a crianza dos fillos, resultado xeralmente escasa. Segundo Morrison (2015) as dificultades de participación ocupacional en actividades recreativas que polo seu traballo presentan os xóvenes gandeiros, implica unha vulnerabilidade dos seus Dereitos Humanos, un risco de exclusión da sociedade, e por tanto, unha situación de inxustiza ocupacional.

Segundo a Organización Interprofesional Láctea (2016) o pequeno tamaño das explotacións gandeiras de Galicia en proporción ó resto das españolas, condiciona a presenza de empregados e por tanto dificulta e limita o descanso e tempo libre dos traballadores e titulares das explotacións gandeiras. Como pode observarse neste estudo, a gran maioría das explotacións que conformaron a mostra tampouco tiñan empregados asalariados.

A través desta investigación puido comprobarse que nas granxas que contan con empregados, os seus traballadores afirman que a súa vida acércase ó seu ideal e que, se puideran volver a vivila de novo, non cambiarían nada. Isto débese a que, coa presenza de máis traballadores a carga de traballo pode distribuírse dun xeito máis equitativo e ademais permite ó resto de empregados ou titulares da explotación, o aumento das horas e días de libranza e descanso. Este resultado está directamente relacionado tamén co número de vacas, de xeito que as maiores explotacións son as que poden contar con un maior número de traballadores e polo tanto a satisfacción dos mesmos coa vida aumenta.

O terreo agrario en Galicia está caracterizado polo minifundio, é dicir, fincas pequenas e moitas veces apartadas das granxas. Deste xeito, as gandaría de vacún de leite galegas nunca poderían chegar a competir con outras explotacións en termos de produción, xa que o número de vacas por superficie de terreo e menor nas granxas co gando en pastoreo que nas que o teñen estabulado. Estudos como os de Ferrás et al. (2007) en

concordancia coa presente investigación demostran que as granxas que predominan actualmente nesta comunidade autónoma caracterízanse por ser de carácter intensivo e ter o seu gando no interior dos establos todo o día, permitindo así, que os gandeiros poidan ter un maior número de vacas coa mesma superficie de terreo. A gran presenza de explotacións de carácter intensivo nesta investigación pode deberse a que segundo afirman López et al (2002) as granxas que presentan unha gran especialización e que polo tanto supoñen unha maior inversión, adoitan estar rexentadas por xóvenes gandeiros, poboación sobre a que se levou a cabo este estudo. Ferrás et al (2007) destaca que a problemática do minifundio neste tipo de explotacións repercute no gasto que ocasiona ós gandeiros a preparación das terras para a plantación e recolleita dos forraxes, así como o espaxamento dos puríns do establo. Ademais, o investimento en maquinaria agrícola máis especializada é cada vez maior, polo que moitos gandeiros vense obrigados a abandonar os terreos nos que os tractores e apeiros xa non entran.

As explotacións que presentan o gando estabulado caracterízanse no seu interior por ter un establo totalmente acondicionado para garantir as comodidades básicas tanto para as vacas como para os gandeiros. A reforma dos establos anteriormente creados para sistemas de pastoreo, e a creación dos novos, supón unha gran inversión á que deben facer fronte os gandeiros que se encontran nun sistema de produción intensivo. A necesidade de reformas nos establos moitas veces configura o motivo principal polo que moitos xóvenes deciden incorporarse na explotación familiar co fin de solicitar as axudas da Consellería do Medio Rural (2018) referentes á Incorporación de mozos á actividade agraria e ó Plan de mellora das explotacións agrarias que se convoca cada ano.

Con esta investigación puido comprobarse que as reformas e melloras que se efectuaron nas granxas co fin de estabular o gando e mecanizar moitos dos traballos que antigamente se realizaban de xeito manual, repercuten de xeito favorable na calidade de vida dos seus traballadores. Os que presentaban este tipo de explotación afirmaban que estaban moi satisfeitos

Rol de produtor lácteo no desempeño ocupacional de xóvenes gandeiros

coa súa vida, sen embargo os que seguían empregando o método de produción tradicional, é dicir, o pastoreo, referían que no último mes tiveran que deixar de facer as súas tarefas habituais no traballo a causa da súa saúde física.

A percepción da saúde por parte dos xóvenes gandeiros con unha experiencia laboral de máis de 10 anos, soe ser polo xeral boa. Isto débese en gran medida a que como afirma o Sindicato Labrego Galego (2007) os maiores riscos que presenta este traballo son os accidentes laborais puntuais, que cando se producen provocan secuelas permanentes, xeralmente derivados do uso da maquinaria agrícola. Aínda así, son moitos os traballadores que afirman ter unha dor musculoesquelética continua derivada dos esforzos físicos que deben realizar nas explotacións gandeiras e na execución das tarefas que conforman a súa ocupación.

Segundo a menciona Organización Mundial da saúde (1986) na Carta de Otawa (1986), ter unha boa saúde é un elemento fundamental para obter un nivel saudable de calidade vida. As condicións de vida dos gandeiros, a sobrecarga de traballo e a escaseza de tempo para adicarllo ó ocio e a participación social, repercute de xeito negativo na saúde dos mesmos. Cobra especial importancia, comprender a saúde non só como a ausencia da enfermidade, senón como un entramado socio-ecolóxico, que contempla a persoa como un cidadán, inmerso no seu entorno e nunha cultura diferenciadora. Seguindo as competencias da Rede Europea de Terapia Ocupacional en educación superior (ENOTHE) e o Consello de terapeutas ocupacionais para os países europeos (COTEC) (2005), os terapeutas deben colaborar coa comunidade, neste caso de gandeiros, co fin de promover a saúde e benestar dos produtores lácteos e permitir a súa participación social nas actividades de ocio.

Por iso, a Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais (1992) afirma que son múltiples as aportacións que a Terapia Ocupacional pode facer para resolver a problemática que están a vivir os produtores lácteos, como pode ser a realización de análises ergonómicas, tendo en conta a

capacidade funcional dos mesmos, o seu ambiente laboral e as demandas das súas tarefas; o asesoramento acerca dos riscos laborais co fin de diminuír o número de accidentes no traballo; a adaptación de postos de traballo e a mellora da accesibilidade nas granxas; a educación de posturas hixiénico-saudables para o desempeño da súa ocupación laboral e a recomendación de produtos de apoio, no caso de que fose necesario. Así mesmo, e en concordancia coas competencias da ENOTHE-COTEC (2005), citadas con anterioridade, os terapeutas ocupacionais deben colaborar coa comunidade de gandeiros para a promoción da súa saúde ocupacional, mediante a dotación de estratexias que fomenten o incremento do tempo libre e das actividades sociais, previndo deste xeito o risco de exclusión social e promovendo unha xustiza ocupacional.

A continuación, descríbense as principais limitacións do estudo. En primeiro lugar, ó realizar a investigación nun único concello caracterizado por un terreo minufundista e a presenza de pequenas explotacións, xeralmente sen empregados, non é posible a extrapolación dos datos a outros concellos que presenten características diferentes. Por iso en futuras liñas de investigación debería ampliarse o estudo a outras zonas rurais galegas.

O pequeno tamaño da mostra en relación ó número de produtores lácteos que hai en Galicia, non permite a xeneralización dos resultados á totalidade da comunidade de gandeiros, podendo ser non representativos. Por iso, en estudos futuros sería fundamental ampliar o tamaño da mostra.

Por outra parte, a inexistencia de grupo control impide a comparación dos datos obtidos neste concello con outras zonas rurais, así como con outros sectores. Como futuro estudo de investigación, poderíanse comparar os resultados obtidos con outra poboación da mesma contorna que cumpra os mesmos criterios de inclusión e exclusión, pero cunha ocupación laboral que se enmarcase nun sector laboral diferente. Sería interesante tamén comparar este estudo con outros que se poderían levar a cabo noutras zonas adicadas a produción láctea na que existan xóvenes gandeiros.

6. Conclusións

- O sector lácteo cobra unha real importancia na historia e cultura Galega, conformando un dos sectores primarios máis importantes en Galicia e sendo o principal aporte económico de moitas familias que residen na zona rural.
- A idade media dos xóvenes que se adican á produción láctea é cada vez maior.
- Debido ás demandas actuais do traballo como produtor lácteo, os gandeiros dispoñen de escasos períodos de tempo libre para adicalos ó ocio ou as súas actividades sociais e recreativas, o que indica que os seus Dereitos Humanos encóntranse vulnerados, e por tanto, aumenta o risco de exclusión social da poboación de estudo, encontrándose ante unha situación de inequidade e de inxustiza ocupacional.
- Os poucos beneficios reais que obteñen as gandarías e o seu pequeno tamaño, dificultan que moitas delas conten con empregados, o que aumenta a sobrecarga de traballo, os problemas de saúde físicos, a dor, e a insatisfacción coa vida laboral, repercutindo negativamente na calidade de vida e saúde ocupacional.
- Os problemas de saúde física e a dor adoitan ser máis frecuentes naquelas explotacións que teñen o gando en pastoreo, nas que os seus traballadores ó longo da xornada laboral, tiveron que deixar sen facer algunha das súas tarefas debido ós mesmos.
- Os terapeutas ocupacionais deben colaborar coa comunidade de gandeiros, co fin de promover a saúde e benestar dos produtores lácteos e permitir a súa participación en ocupacións de ocio e participación social, minorizando así o risco de exclusión dos mesmos da sociedade, mediante a promoción da xustiza ocupacional.

7. Bibliografía

1. *Acuerdo para la estabilidad y sostenibilidad de la cadena de valor del sector vacuno de leche.* (2015). Obtido de <http://www.mapama.gob.es/es/megustalaleche/acuerdos-lacteos/>
2. American Occupational Therapy Association. (1992). Statement: occupational therapy services in work practice. *The American Journal of Occupational Therapy*, 46(12), 1086–1088. Obtido de <https://ajot.aota.org/article.aspx?articleid=1876573>
3. Amor, M., Santos, A., Cruz, J., Des, J., García, R., Gómez, I., ... Vaamonde, P. (2007). *Normas de boa práctica en investigación en seres humanos. Guía para o investigador.* Santiago de Compostela. Obtido de <https://www.sergas.es/gal/Publicaciones/Docs/PIOrSanitaria/PDF7-92.pdf>
4. Arias, W. (2012). Revision histórica de la salud ocupacional y la seguridad industrial. *Revista Cubana de Salud y Trabajo*, 13(3), 45–52. Obtido de <http://www.medigraphic.com/pdfs/revcubsaltra/cst-2012/cst123g.pdf>
5. Asamblea General de las Naciones Unidas. (1948). Declaración Universal de Derechos Humanos, Naciones Unidas., 217A(III), 1–9. <https://doi.org/10.1017/CBO9781107415324.004>
6. Asociación Galega de Cooperativas Agrarias. (2013). *Coñecendo o cooperativismo na gandería. Características principais.* Santiago de Compostela.
7. Asociación Galega de Cooperativas Agrarias. (2015). *Coñecendo o cooperativismo na gandería.* Santiago de Compostela. Obtido de http://agaca.coop/wp-content/uploads/2016/06/webConecendo_cooperativismo_na_ganderia_public2015_datos2013.pdf
8. Asociación Médica Mundial. (2000). Principios Éticos para las Investigaciones Médicas en Seres Humanos. En *Declaración de Helsinki.* (pp. 321–334). Obtido de

<http://ppct.caicyt.gov.ar/index.php/bcaeem/article/viewFile/4982/4586>

9. Ávila, A., Martínez, R., Matilla, R., Máximo, M., Méndez, B., & Talavera, M. (2010). Marco de Trabajo para la Práctica de Terapia Ocupacional: Dominio y Proceso. 2da Edición [Traducción]. Obtido de <http://www.terapia-ocupacional.com/aota2010esp.pdf>
10. Consejería de Medio Ambiente. (2011). *Guía práctica de calificación ambiental. Explotaciones ganaderas*. Sevilla.
11. Consejo de Europa. (1997). *Convenio para la protección de los derechos humanos y la dignidad del ser humano con respecto a las aplicaciones de la biología y la medicina. Convenio relativo a los derechos humanos y la biomedicina. Cuadernos de bioética* (Vol. 2). Oviedo. Obtido de <http://aebioetica.org/revistas/1997/2/30/975.pdf>
12. Consellería do Medio Rural. (2018). ORDE do 9 de marzo de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas para os agricultores mozos. *Diario Oficial de Galicia*, (54, 16 de marzo), 15809–15943.
13. Díaz, C., & Díaz, C. (1995). De mujer a mujer: estrategias femeninas de huida del hogar familiar y del medio rural. *Agricultura y sociedad*, (76), 205–218.
14. Domínguez, I., & Calvo, J. I. (2015). Terapia ocupacional y su papel en atención temprana: revisión sistemática. *Revista Electrónica de Terapia Ocupacional Galicia*, 12(21), 1–22. Obtido de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5091796>
15. Echeburúa, E., Corral, P. D., & Fernández, J. (2000). Escala de Inadaptación: propiedades psicométricas en contextos clínicos. *Análisis y Modificación de Conducta*, 26(10), 325–340.
16. ENOTHE-COTEC. (2005). *Competencias de Terapia Ocupacional*. Copenhagen. Obtido de http://www.enothe.eu/tch/tq/docs/specific_competencies_spanish.pdf

17. Federación EFA Galicia. (2018). Federación EFA Galicia. Ciclo formativo de grao medio en produción agropecuaria.
18. Ferrás, C., Macía, X. C., García, Y., & Armas, F. X. (2007). La agricultura familiar sostenible en sistemas minifundistas. Estudio de casos comparados en Galicia e Irlanda. *Revista de Estudos Sobre Despoblación y Desarrollo Rural*, (6), 101–128. Obtido de http://www.ceddar.org/content/files/articulo_f_298_04_AGER-6-3.pdf
19. Galheigo, S. M. (2007). Terapia Ocupacional en el ámbito social: aclarando conceptos e ideas. En *Terapia Ocupacional sin fronteras. Aprendiendo del espíritu de supervivientes* (pp. 85–97). Madrid: Editorial Médica Panamericana.
20. Gómez, J. (2003). Siniestralidade laboral en Galicia: especial referencia ó sector agrario. En *Foro de debate sobre prevención de riscos laborais no sector agrario en Galicia*. Silleda: Unions Agrarias. Obtido de <https://unionsagrarias.org/riscos/documentacion/guias/36.pdf>
21. Guerrero, J., Amell, I., & Cañedo, R. (2004). Salud ocupacional: nociones útiles para los profesionales de la información. *Centro Nacional de Información de Ciencias Médicas*, 12(5), 1–22. Obtido de <http://scielo.sld.cu/pdf/aci/v12n5/aci05504.pdf>
22. Guzmán, O. (2008). Ergonomía y terapia ocupacional. *Revista de Terapia Ocupacional Galicia*, 5, 1–23. Obtido de <file:///C:/Users/Hector/AppData/Local/Temp/Dialnet-ErgonomiaYTerapiaOcupacional-2581150.pdf>
23. Hämmig, O., & Bauer, G. (2013). The social gradient in work and health: A cross-sectional study exploring the relationship between working conditions and health inequalities. *BMC Public Health*, 13(1), 1–13. Obtido de <https://doi.org/10.1186/1471-2458-13-1170>
24. Ivtzan, I., Sorensen, E., & Halonen, S. (2013). The effect of occupational meaningfulness on occupational commitment. *International Journal of Psychological Research*, 6(2), 15–23. Obtido de

https://www.psychologytoday.com/sites/default/files/occupational_meaningfulness.pdf

25. Iwama, M. K., & Simó, S. (2008). Aspectos de significado, cultura e inclusión en Terapia Ocupacional. *Aspect of Meaning, Culture and Inclusion in Occupational Therapy*, 5(8), 1–23. Obtido de <http://www.revistatog.com/num8/pdfs/modelo1.pdf>
26. Jefatura del Estado. (1999). Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal. *Boletín Oficial Del Estado*, (298, 13 de diciembre).
27. Larson, B., & Ellexson, M. (2005). Occupational therapy services in facilitating work performance. *The American Journal of Occupational Therapy*, 59(6), 676–679. Obtido de <http://www.ncbi.nlm.nih.gov/pubmed/16363192>
28. López, E. (2015). A cadea láctea en Galicia : retos e estratexias nun mercado liberalizado. *Consello Económico e Social de Galicia*, 10(24), 5–9.
29. López, E., Sineiro, F., & Valdês, B. (2002). Relación entre las características familiares y productivas de las explotaciones de bovino gallegas. In *As explotacións de vacún en Galicia: dinámica productiva e contribución á diversificación de rendas da política comunitaria de desenvolvemento rural* (pp. 1–24). Santiago de Compostela. Obtido de https://www.researchgate.net/profile/Edelmiro_Lopez_Iglesias2/publication/265786499_Relacion_entre_las_caracteristicas_familiares_y_productivas_de_las_explotaciones_de_bovino_gallegas/links/5430953f0cf277d58e96b152.pdf
30. Ministerio de Agricultura Alimentación y Medio Ambiente. (2015). Real Decreto 125/2015, de 27 de febrero, por el que se regula el reconocimiento de las organizaciones de productores de leche y las organizaciones interprofesionales en el sector lácteo y se establecen sus condiciones de contratación. *Boletín Oficial Del Estado*, (51, 28 de febrero), 19150–19158. Obtido de

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/02/28/pdfs/BOE-A-2015-2118.pdf>

31. Ministerio de Agricultura y pesca. (2017). *Informe de Coyuntura del Sector Vacuno de leche*. Madrid: Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente. Obtido de http://www.mapama.gob.es/es/ganaderia/temas/produccion-y-mercados-ganaderos/informedecoyunturasectorvacunodeleche-diciembre2017_tcm30-436199.pdf
32. Morrison, R. (2015). Recensión: Terapia Ocupacional y Exclusión Social. *Revista Chilena de Terapia Ocupacional*, 15(1), 193–196.
33. Muñoz, I., & Salgado, P. (2006). Ocupaciones de tiempo libre: una aproximación desde la perspectiva de los ciclos vitales, desarrollo y necesidades humanas. *Revista Chilena de Terapia Ocupacional*, 6, Pág. 39-45. Obtido de <https://doi.org/10.5354/0717-5346.2006.110>
34. Organización Interprofesional Láctea. (2016). *El sector lácteo en España. Datos de producción, industria y consumo*. Madrid. Obtido de https://www.inlac.es/admin/uploads/files/id_20173418_Informesocioeconomicoinlac20.09.16.pdf
35. Organización Mundial de la Salud. (1986). Carta de Ottawa para la Promoción de la Salud. *Promocion De La Salud*, 5. Obtido de <http://www.fmed.uba.ar/depto/toxico1/carta.pdf>
36. Organización Mundial de la Salud. (2009). Subsanan las desigualdades de una generación. In *Prácticas justas en materia de empleo y trabajo digno* (1ª Edición, pp. 72–83). Argentina: Ediciones Journal S.A.
37. Organización Mundial de la Salud. (2012). *Rehabilitación basada en la comunidad: guías para la RBC*.
38. Pacheco, A., Souto, A. I., Talavera, M. Á., & Moruno, P. (2014). Revisión de la literatura sobre el desempeño ocupacional de trabajadores en pesca comercial. *Revista Chilena de Terapia Ocupacional*, 14(2), 257–266. Obtido de

<https://revistapolitica.uchile.cl/index.php/RTO/article/view/35727/37515>

39. Parlamento Europeo y Consejo de la Unión Europea. (2016). Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a libre circulación de estos datos. *Diario Oficial de La Unión Europea*, (119/1, 27 de abril). Obtido de <https://www.boe.es/doue/2016/119/L00001-00088.pdf>
40. Pengue, W. (2005). La Importancia De La Agricultura Familiar En El Desarrollo Rural Sostenible. *La Tierra*, 1(7426), 8. Obtido de [http://www.fediap.com.ar/administracion/pdfs/La importancia de la Agricultura Familiar en el Desarrollo Rural Sostenible.pdf](http://www.fediap.com.ar/administracion/pdfs/La%20importancia%20de%20la%20Agricultura%20Familiar%20en%20el%20Desarrollo%20Rural%20Sostenible.pdf)
41. Programa de las Naciones Unidas para el Desarrollo. (2016). Objetivos de desarrollo sostenible. Obtido de <http://www.undp.org/content/undp/es/home/sustainable-development-goals.html>
42. Sindicato Labrego Galego. (2007). *Os riscos laborais na actividade agropecuaria. 2da edición*. Lugo.
43. Sureda, P. (2014). *Riesgos específicos y su prevención en el sector correspondiente a la actividad de la empresa*. Valencia. Obtido de https://www.aepsal.com/wp-content/uploads/2015/02/MB-agricultura_INVASSAT.pdf
44. Tolosana, G. L. (2004). *Perfiles simbólico-morales de la cultura gallega (3ª Edición)*. Madrid: Akal Editor.
45. Townsed, E., & Whiteford, G. (2007). Una estructura de participación en el marco de la justicia ocupacional: procesos prácticos basados en la comunidad. En *Terapia Ocupacional sin fronteras. Aprendiendo del espíritu de supervivientes* (pp. 110–126).
46. Trentham, B., & Cockburn, L. (2007). Investigación en la acción participativa: crear nuevo conocimiento y oportunidades para el compromiso ocupacional. En *Terapia Ocupacional sin fronteras*.

Aprendiendo del espíritu de supervivientes (pp. 415–428). Madrid: Editorial Médica Panamericana.

47. Vázquez, C., Duque, A., & Hervás, G. (2013). Escala de Satisfacción con la Vida (SWLS) en una muestra representativa de adultos españoles: validación y datos normativos. *Spanish Journal of Psychology*, *16*, 1–37.
48. Vera, P., Silva, J., Celis, K., & Pavez, P. (2014). Evaluación del cuestionario SF-12: verificación de la utilidad de la escala salud mental. *Revista Médica de Chile*, *142*(10), 1275–1283.
49. Viana, I., & Pellegrini, M. (2008). Desarrollo social y juego infantil. En *Terapia Ocupacional en la Infancia: teoría y práctica* (pp. 57–76). Madrid: Panamericana.
50. Wilcock, A. . (2015). Defining occupation in relation to health. En *An occupational perspective of health* (3rd ed, pp. 117–145). Thorofare (New Jersey): Slack.
51. World Federation of Occupational Therapists. (2016). *Declaración de posicionamiento. Práctica de la Terapia Ocupacional en el ámbito laboral*.

8. Agradecementos

Ós meus tutores María e Iván, pola atención, dedicación e polo apoio que me brindaron para que este traballo puidera saír adiante.

As miñas compañeiras, Jéssica e Lidia, coas que compartín os mellores momentos, pero tamén os máis duros ao longo da titulación.

A miña familia, ós meus pais, ó meu irmán e ó meu mozo. Grazas por ensinarme a valorar unha profesión tan bonita como é a de gandeiro, por devolverme a ilusión que tiña cando era pequena polo campo e por axudarme a alcanzar o meu soño de ser terapeuta ocupacional.

A cada un dos gandeiros do concello de Curtis que participaron neste estudo, pola súa confianza e participación. Ós veterinarios, á cooperativa de servizos agrarios e gandeiros Cusoviamé, ós traballadores de AFRICOR deste municipio, e a cooperativa de gandeiros S.A.T San Cidre, polo tempo que me dedicaron, pola súa implicación e colaboración para que este traballo se poidese levar a cabo.

A cada un de vós grazas.

“O día que Galiza sexa unha comunidade cooperativa ergueremos un gran moimento cunha vaca en bronce dourado... O día que seipamos o que val unha vaca, Galiza quedará redimida” (Castelao, Sempre en Galiza, 1944)

Apéndice I: Folla de información ó participante

Folla de información ó participante

Título do estudo: Impacto do rol de produtor lácteo no desempeño ocupacional dos xóvenes gandeiros.

Investigadora: Silvia Pereira Rodríguez con DNI: 78811821K, estudante de 4º Curso do grao de Terapia Ocupacional da Universidade da Coruña.

Introdución: o presente documento, ten como finalidade ofrecerlle información sobre o estudo ó que vostede está invitado a participar.

Polo tanto, é de especial importancia que lea con detemento esta folla para valorar se desexa ou non participar finalmente no estudo. Se así o desexa, pode levar o documento, consúltalo e tomar o tempo necesario para tomar a decisión. Cabe destacar que a participación na investigación é voluntaria, polo tanto vostede pode interromper a mesma en calquer momento.

Obxectivo do estudo:

O obxectivo principal deste estudo é valorar a repercusión do rol de produtor lácteo no desempeño ocupacional e na calidade de vida dos xóvenes gandeiros do rural galego.

A súa participación:

- **¿Por que fun seleccionado?**

Vostede foi seleccionado no estudo por ter entre 20 e 45 anos, residir e traballar no municipio de Curtis e ter unha experiencia laboral superior a 1 ano orientada ó sector agropecuario.

- **¿Se decido participar que debo facer?**

Se desexa participar, vostede unicamente ten que responder a unha breve entrevista, que será realizada pola investigadora. A mesma inclúe preguntas acerca da súa calidade de vida, do seu ocio, a súa participación social e o seu nivel de satisfacción en relación coa vida laboral.

- **¿Que beneficios e riscos derivan do estudo?**

Cabe destacar que non existe ningún beneficio nin retribución económica para o participante nin para a investigadora. Así mesmo, a súa participación tampouco supón ningún risco, xa que vostede só debe responder as preguntas da entrevista.

- **¿Os resultados do estudo van ser publicados?**

Os datos serán remitidos a publicacións científicas para a difusión dos mesmos pero non se comunicará ningún dato que poida facilitar a identificación dos participantes.

- **¿Como se manterá a confidencialidade dos datos persoais dos participantes?**

Os participantes dos estudo serán codificados co fin de manter a información que proporcionen, no anonimato. Ademais estes datos serán tratados de maneira confidencial de acordo coa Lei de protección de datos 15/1999.

Apéndice II: Consentimento informado

Consentimento informado

Título do estudo: Impacto do rol de produtor lácteo no desempeño ocupacional dos xóvenes gandeiros.

Don, Doña _____ con
DNI _____ acepto que:

- Lin a folla de información que se me entregou, e comprendín a natureza e o propósito do estudo.
- Puiden facer todas as preguntas que desexei en relación co estudo.
- Recibín a suficiente información tanto escrita como verbal acerca da investigación.
- Entendo que a participación no mesmo é voluntaria, polo que podoo dar de baixa en calquera momento.

Dou así o meu consentimento para a participación no estudo de investigación e autorizo a utilización dos meus datos nas condicións descritas na folla de información ó participante.

Data: ___ de _____ do 201__

A/o participante

A/o investigador

Asdo:

Asdo:

Apéndice III: Entrevista ó participante

Código: _____

Idade: _____

Xénero: Masculino Feminino

Estado civil:

Solteiro Casado Separado / Divorciado Viúvo

Número de Fillos: 0 1 2 Familia numerosa

Lugar de residencia (Parroquia):

Santa María de Foxado

Santa Eulalia de Curtis

Tipo de vivenda: Casa Piso

Vive só: Si Non

Actualmente coida a algunha persoa en situación de discapacidade ou dependencia: Si No

Nível de estudos:

Estudos primarios (Educación primaria / EGB)

Estudos secundarios (ESO / BUP / Bacharelato / COU)

Formación profesional (FP)

Estudos universitarios

Número de empregados asalariados:

0 1 2 3 4

5 6-10 10-20 Máis de 20

Rol de produtor lácteo no desempeño ocupacional de xóvenes gandeiros

Anos que leva desempeñando a súa ocupación laboral:

Menos de 1 1-3 anos 3-5 anos 5-10 anos Máis de 10

Xornada laboral: Parcial Completa

Tipo de explotación:

Extensiva (gando en pastoreo)

Intensiva (gando estabulado)

Número de crotais:

Menos de 25 25-50 50-75 75-100 100-150

150-200 200-250 250-300 Máis de 300

Apéndice IV: Escala de Satisfacción coa Vida

Escala de satisfacción coa Vida

A continuación, aparecen cinco afirmación coas que vostede pode estar de acordo ou en desacordo. Lea cada unha delas e despois marque a resposta que mellor describa a súa opinión, sendo **1= fortemente en desacordo** e **7= Fortemente de acordo**.

Na maioría dos aspectos, a miña vida acercase ó meu ideal	1	2	3	4	5	6	7
As condicións da miña vida son excelentes	1	2	3	4	5	6	7
Estou completamente satisfeito/a coa miña vida	1	2	3	4	5	6	7
Ata agora, conseguín as cousas máis importantes que quero na vida	1	2	3	4	5	6	7
Se puidera vivir a miña vida de novo, non cambiaría nada	1	2	3	4	5	6	7

Apéndice V: Escala de Inadaptación

Escala de Inadaptación

Marque o número que mellor describa a súa situación actual acerca dos aspectos da vida cotiá que se sinalan a continuación.

Traballo e/ou estudos					
A causa dos meus problemas actuais, o meu funcionamento no traballo e/ou nos estudos veuse afectado					
0	1	2	3	4	5
Nada	Case nada	Pouco	Bastante	Moito	Moitísimo
Vida social					
A causa dos meus problemas actuais, a miña vida social habitual (relacións de amizade con outras persoas) veuse afectada					
0	1	2	3	4	5
Nada	Case nada	Pouco	Bastante	Moito	Moitísimo
Tempo libre					
A causa dos meus problemas actuais, as miñas actividades habituais no tempo libre (saídas, ceas, excursións, viaxes, práctica deportiva, etc.) víronse afectadas					
0	1	2	3	4	5
Nada	Case nada	Pouco	Bastante	Moito	Moitísimo
Relación de parella					
A causa dos meus problemas actuais, a miña relación de parella (ou a posibilidade de encontrala) veuse afectada					
0	1	2	3	4	5
Nada	Case nada	Pouco	Bastante	Moito	Moitísimo

Rol de produtor lácteo no desempeño ocupacional de xóvenes gandeiros

Vida familiar					
A causa dos meus problemas actuais, a miña relación familiar en xeral veuse afectada					
0 Nada	1 Case nada	2 Pouco	3 Bastante	4 Moito	5 Moitísimo
Escala global					
A causa dos meus problemas actuais, a miña vida normal en xeral veuse afectada					
0 Nada	1 Case nada	2 Pouco	3 Bastante	4 Moito	5 Moitísimo

Apéndice VI: Cuestionario de Saúde SF-12

Cuestionario de Saúde SF-12

As preguntas que seguen a continuación refírense ó que vostede pensa sobre a súa saúde. As súas respostas permitirán saber como se encontra vostede e ata que punto é capaz de facer as súas actividades habituais.

Por favor, conteste a cada pregunta marcando unha casilla. Se non está seguro/a de como responder a unha pregunta, por favor conteste o que lle pareza máis certo.

1. En xeral, vostede diría que a súa saúde é:				
1	2	3	4	5
Excelente	Moi boa	Boa	Regular	Mala

As seguintes preguntas refírense as actividades ou cousas que vostede podería facer nun día normal. A súa saúde actual, ¿límitalle para facer esas actividades ou cousas? Se é así, ¿canto?

	1	2	3
	Sí, límitame moito	Sí, límitame un pouco	Non, non me limita para nada
2. Esforzos moderados, como mover unha mesa, pasar a aspiradora, xogar ós bolos ou camiñar una hora			
3. Subir varios pisos polas escaleiras			

Rol de produtor lácteo no desempeño ocupacional de xóvenes gandeiros

Durante **as 4 últimas semanas** ¿tivo algún dos seguintes problemas no seu traballo ou nas súas actividades habituais, **a causa da súa saúde física?**

	1 Sí	2 Non
4. ¿Fixo menos do que quixera facer?		
5. ¿Tivo que deixar de facer algunhas tarefas no seu traballo ou nas súas actividades habituais?		

Durante **as 4 últimas semanas**, ¿Tivo algún dos seguintes problemas no seu traballo ou nas súas actividades habituais, **a causa dalgún problema emocional** (como estar triste, deprimido, ou nervioso)?

	1 Sí	2 Non		
6. ¿Fixo menos do que quixera facer, por algún problema emocional?				
7. ¿Non fixo o seu traballo ou as súas actividades habituais tan coidadosamente como de costume, por algún problema emocional?				
8. Durante as 4 últimas semanas, ¿Ata que punto a dor dificultoulle o seu traballo habitual (incluíndo o traballo de fóra da casa e as tarefas domésticas)?				
1 Nada	2 Un pouco	3 Regular	4 Bastante	5 Moito

Rol de produtor lácteo no desempeño ocupacional de xóvenes gandeiros

As preguntas que seguen, refírense a como se sentiu vostede e como lle foron as cousas durante as **4 últimas semanas**. En cada pregunta responda o que se pareza máis a como se sentiu vostede. Durante as **4 últimas semanas** ¿canto tempo...

	1 Sempre	2 Case Sempre	3 Moitas veces	4 Algunhas veces	5 Só algunha vez	6 Nunca
9. ... se sentiu calmado e tranquilo?						
10. ... tivo moita enerxía?						
11. ... se sentiu desanimado e triste						

12. Durante as 4 últimas semanas, ¿con que frecuencia a saúde física ou os problemas emocionais lle dificultaron as súas actividades sociais (como visitar a amigos ou familiares)?				
1 Sempre	2 Case sempre	3 Algunhas veces	4 Só algunha vez	5 Nunca